

Mar adiante


 XERAIS



Mar adiante

María Victoria Moreno

Ilustracións de Manolo Uhía



Título: Mar adiante
Autor: María Victoria Moreno
Editorial: Xerais
Colección: Merlín
Nº páxinas: 88
ISBN: 978-84-9914-007-0

A autora

María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara 1941- Pontevedra 2005) foi licenciada en Filoloxía Románica e Catedrática de Bacharelato de lingua e literatura españolas nun instituto de Pontevedra. Escritora, conferenciante e tradutora, impartiu numerosos cursos de lingua galega e preparou textos didácticos. Considerada como unha das fundadoras da literatura infantil e xuvenil en lingua galega, publicou o seu primeiro libro, *Mar adiante*, en 1973, recuperado por Xerais en 2009. Desde entón, publicou títulos tan importantes como *Leonardo e os fontaneiros* (1986), primeira novela realista da literatura infantil en galego; *Anagnórise* (1988), novela incluída na Lista de Honra do IBBY 1990 e traducida a varias linguas; ou *Guedellas de seda e liño* (1991), novela pola que obtivo o premio White Ravens 2002 e unha mención especial dos Premios da Crítica Galicia 2000 no eido da Creación Literaria; e *Eu conto, ti cantas...* (Xerais 2005). Recolleu a súa experiencia como enferma de cancro de mama en *Diario da luz e a sombra* (Xerais 2004). A súa obra poética, editada postumamente, está recollida no libro *Elexías de luz* (Xerais 2006).



O ilustrador

Manuel Uhía (Vigo, 1944) iniciou as súas colaboracións como ilustrador en Madrid. O primeiro libro ilustrado en galego realizouno para Edicións Xerais, onde ten publicados: *A cidade dos desexos*, *Rata linda de Compostela*, *Un robot pequeno*, *Andanzas e amizades dun robot pequeno*, *A casa abandonada*, *Ás de mosca para Anxo*, *A pantasma da torre* (co que obtivo o Premio Lectores de Galix), *Eu conto, ti cantas*, *Roseira do teu mencer*, *Memorias dun raposo*, *Honorato, o rato namorado*, *Mar adiante*, *¿E ti que farías por min?*, *Catro amigos pillabáns* e *O misterio do Faro Vello*.



Resumo argumental

A mestra dunha escola urbana cóntalle ao alumnado como, nunha ocasión, montou unha escola no mar. O barco onde se ubicaba a escola chamábase *Arroás*, o seu capitán Xosé Luis e a súa cociñeira Lola.

O barco construírao, Miguel, un recién chegado á vila mariñeira de Portosouril e nel montaron unha escola distinta ao resto de escolas, na que os rapaces aprendían falando co capitán, observando as estrelas ou xogando na borda.

Cando partían de Portosouril puideron ver que, a diferenza de todas as casas, había unha que non brillaba se non que semellaba sombriza e sen vida. Era a casa de Xosé do Outeiro, un mariñeiro que, tempo atrás, se negou volver á procura do resto de barcos da vila que, nunha treboada, naufragaran. As mulleres de Portosouril rogaron a Xosé de Outeiro que lles emprestase o seu barco, o único que se salvara do naufraxio, para iren buscar ao resto de homes, pero Xosé negouse e un lóstrego caeu na súa casa queimándoa e deixándoa sen vida.

No barco escola contábanse contos, cantábanse cancións e aprendíase a predicir o tempo climatolóxico. O Arroás atopábase xa a medio camiño entre Europa e América cando apareceron uns paxaros que fuxiran dunha aldea veciña a Portosouril debido a que os habitantes trataban moi mal a aquelas aves —e mesmo pretendían aniquilalas a todas— porque comían parte do que sementaban, sen decatárense de que tamén cumprían outras boas tarefas como acabar cos vermes das leiras.

Os rapaces do barco aprenderon tamén que era o Luceiro e como os mariñeiros usaban esa estrela para guiárense nas súas singraduras.

Na véspera do Nadal, algúns nenos estaban tristes. Para solucionalo os maiores decidiron construír unha árbore feita con argazos. Lola, a cociñeira, puxo tanto empeño na tarefa que esgotou todas as súas forzas e non volveu espertar máis, polo que o resto da tripulación decidiu que era hora de poñer rumbo de novo a Portosouril.

Temas e valores

Unha pedagogía alternativa

O método de aprendizaxe que se suxire no libro nada ten que ver co habitual nas escolas regulamentadas.

A cultura mariñeira

Retrato da vida nas vellas vilas mariñeiras e mostra da sabedoría popular acadada polos seus habitantes sobre o medio que lles proporcionaba o seu sustento.

Vínculo social

Presenta a través da integración de Miguel, o forasteiro, do castigo a Xosé de Outeiro por non colaborar co resto da vila, no diálogo interxeracional entre Lola ou o capitán e os nenos e mesmo na importancia concedida á vida harmónica con outras especies, como os paxaros.

Actividades

Antes da lectura


- Observando a portada, de que pensan que trata o libro?
- Leron algunha outra historia na que o mar fose un elemento fundamental?

Despois da lectura

- Gustaríalles acudir durante un tempo a unha escola situada nun barco?
- En que zona de Galicia imaxinan que se atopa Portosouril, a vila de onde se fabrica e desde onde parte o barco escola?

Ficha a1 (antes da lectura)

1. Debuxa unha vila mariñeira imaxinaria inspirándote na novela.



2. Cal é a ilustración do libro que máis che gusta? Explica por que.

Ficha d1 (despois da lectura)

1. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Argazo (páx. 8)

Cavaco (páx. 11)

Careixón (páx. 8)

Vagallón (páx. 15)

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Farfallán (páx. 17)

Encol (páx. 18)

Demorar (páx. 14)

Emporiso (páx. 20)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Avesía (páx. 26)

Grelar (páx. 27)

Alicerce (páx. 30)

Ducia (páx. 37)

Escambrar (páx. 38)

6. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible das palabras da pregunta anterior.

Ficha d2 (despois da lectura)

1. Como se chamaba e que significa o nome do barco escola?

2. Como se chamaba o fabricante do barco escola e que pequeno defecto tiña a súa personalidade?

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras:

Afeito (páx. 39)

Ouveo (páx. 43)

Reloucar (páx. 48)

Decote (páx. 51)

Amoucar (páx. 53)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Resume, coas túas palabras, a historia de Mariquiña e o lobo que se desenvolve entre as páxinas 34 e 44.

6. Na páxina 51 enuméranse unha chea de paxaros: «rulas, merlos, pardais, chascos, carrizos, pimpíns, corvos, xílgaros...». Con cantos nomes máis de paxaros serías quen de continuar a lista?


Ficha d3 (despois da lectura)

1. Comenta o seguinte texto da páxina 62:

«Xosé Luís explicáballes que as cousas cativas —os cartos, os leiros e mesmo os barcos— son propiedade das persoas, e que as persoas, aínda que teñan moitos cartos, moitos leiros ou moitos barcos, non deixan de ser pobres no seu corazón. Explicáballes tamén que as cousas máis fermosas —as estrelas, o cheirume da terra, o rechouchío dos paxaros— son ceibes, non son de ninguén e, por isto, son a ledicia e mais a riqueza de todos.»

2. De que estraño poder se axuda a cocineira Lola para recoller argazos cos que fabricar unha árbore de Nadal?

3. De que animalíño di o libro que se namora o Luceiro?



Pedidos a

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15190 A Coruña
Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Marañón, 12 • 36211 Vigo
Tels.: 986 214 888 / 986 214 880
Fax: 986 201 366
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal

